



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Cuestións filosóficas do mundo contemporáneo		Código	652G03036
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Filosofía e Métodos de Investigación en Educación			
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página Web de la Facultad de Ciencias de la Educación)			
Descripción xeral				

Competencias do título		
Código	Competencias do título	

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias do título
Analizar os efectos sociais e culturais do proceso secularizador nas sociedades modernas, tomando conciencia das súas consecuencias tanto positivas como negativas	A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B5 C4 C6 C8	C1 C3 C4 C6 C8
Interpretar os supostos e consecuencias do réxime patriarcal, assumindo unha actitude crítica	A2 A4 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B4 B5 B6	C1 C3 C4
Analizar a importancia das técnicas de reproducción da imaxe na sociedade contemporánea, adoptando unha actitude crítica fronte ós seus efectos negativos	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5 B6 C7 C8	C1 C3 C4 C6 C7 C8
Tomar conciencia das prácticas de barbarie que acompañan ó desenvolvemento civilizatorio e da necesidade de prevenir a súa aparición	A1 A2 A5 A8 A11 A14 A20	B1 B2 B4 B5	C1 C4 C6



Identificar os principais factores que ameazan ó ecosistema e tomar conciencia da necesidade da súa preservación	A1 A2 A5 A8 A11 A14	B1 B2 B5 C4 C6 C8	C1 C3 C4 C6
--	------------------------------------	----------------------------------	----------------------

Contidos		
Temas	Subtemas	
1. Civilización e barbarie no mundo contemporáneo	1.1. Balance da Ilustración: modernidade vs. posmodernidade 1.2. A barbarie nazi: o mundo concentracionario	
2. A crítica da "razón instrumental"	2.1. A "teoría crítica" da Escola de Fráncfort 2.2. Limitacións da tecnoociencia 2.3. A crítica ecoloxista ó progreso	
3. Emancipación e igualdade: filosofía e xénero	3.1. As conquistas do feminismo contemporáneo 3.2. O existencialismo coma filosofía da liberdade 3.3. O feminismo de Simone de Beauvoir	
4. O proceso de secularización	4.1. O diagnóstico de Nietzsche: "Deus morreu"; 4.2. Consecuencias socioculturais da secularización 4.3. Crítica da relixión e herdanxa das tradicións relixiosas	
5. A crítica á civilización da imaxen	5.1. Aspectos filosóficos (ontolóxicos, éticos e políticos) da civilización da imaxen 5.2. O novo estatuto da imaxen resultante do cine	

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	21	36	57
Sesión maxistral	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A20 B1 B4 B5 B6 C1 C4 C6 C7	21	10	31
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	0	21	21
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	2	33	35
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción



Seminario	O traballo do seminario constitúe, xunto coas sesións maxistrais, o elemento central do trabalho de aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos e capítulos de libros) propostos ó alumno. O traballo de seminario supón unha doble tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Proporánse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que entregará 3 comentarios.
Sesión maxistral	Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.
Lecturas	Proporanse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá asimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuizo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluirase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá cualificar este aspecto do traballo do alumno. Propoñerase ós alumnos a posibilidade de adiantar a realización da proba do libro de lectura, realizándoa durante o periodo lectivo.
Proba mixta	Realizarase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistrais coma nos seminarios.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lecturas	As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requirán máis tempo de atención persoal serán atendidos nas tutorías, acordo co horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor.
Seminario	
Proba mixta	Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descripción	Cualificación
Lecturas	A1 A2 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C7	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que se lle prantexe sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 ptos. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da materia, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración.	20
Seminario	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 A20 B1 B2 B4 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C7 C8	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa por parte do alumno dos textos e a elaboración polo mesmo de 3 comentarios (sobre os 5 fragmentos que se lle ofrecerán e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, con unha puntuación total máxima de 3 ptos. (1 pto. de cualificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto.	40
Proba mixta	A1 A2 A4 A5 A8 A11 A14 B1 B2 B5 B6 C1 C4 C6 C8	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 ptos., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistrais como nas de seminario), cuxa cualificación máxima será tamén de 2 ptos.	40

Observacións avaliación



Esquema de reparto da avaliación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.):

- a) PROBA MIXTA.- a súa cualificación máxima será de 4 ptos. Deles 2 corresponderán ó comentario e 2 á cuestión teórica.
- b) SEMINARIO.- 4 ptos. de cualificación máxima. Deles 3 corresponderán ós 3 comentarios que o alumno terá que entregar (1 pto. por comentario) e 1 á valoración da asistencia e participación na aula.
- c) LECTURAS.- 2 ptos. de cualificación máxima. Cualificarse por medio da resposta do alumno a unha cuestión que, a partir dun fragmento da obra elixida, lle sexa prantexada. O alumno respostará xunto coa proba mixta pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.-). Se propondrá a los alumnos la posibilidade de adelantar la prueba del libro de lectura, realizándola durante el período lectivo.

Na segunda oportunidade (Xullo) manteñense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuirase entre as outras tres cualificacións parciais, segundo a súa aportación proporcional á cualificación global.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Simone de Beauvoir (2005). El segundo sexo. Madrid, Cátedra- Jean-François Lyotard (1995). La postmodernidad explicada a los niños. Barcelona, Gedisa- Hans Jonas (1995). El principio de responsabilidad. Barcelona, Herder- Hannah Arendt (2006). Los orígenes del totalitarismo. Madrid, Alianza Editorial- Max Horkheimer (2010). Crítica de la razón instrumental. Madrid, Trotta- Friedrich Nietzsche (2001). La gaya ciencia. Barcelona, Akal- Max Horkheimer (2000). Anhelo de justicia. Madrid, Trotta- Walter Benjamin (2006). La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica (Obras libro I/vol. 2). Madrid, Abada
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Manuel Cruz (2002). Filosofía contemporánea. Madrid, Taurus- Christian Delacampagne (1999). Historia de la filosofía en el siglo XX. Barcelona, Península- José Luis Villacañas (1997). Historia de la filosofía contemporánea. Madrid, Akal

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías